

Encrucillada

**A coeducación como resposta na educación afectivo-sexual.
Construíndo un novo modelo de persoa**

por Lola Ferreiro Díaz

Cara a unha renovada teoloxía da sexualidade. Quince propostas

por Javier de la Torre Díaz

A busca do infinito na poesía de Carvalho Calero

por Xesús Portas Ferro

**A Promoción da Saúde Afectivo Sexual desde o Centro
de Planificación Familiar Municipal da Coruña**

por Chus Díaz Anca

**Revolta de mulleres na Igrexa. Ata que a
igualdade sexa costume**

por Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria

Día da Clase Obreira Galega

por Antón Pérez Vázquez

Crónica da Igrexa

por Manuel Regal Ledo



Edita Asociación Encrucillada

Presidente: Andrés Torres Queiruga
Vicepresidente: Pedro Fernández Castelao
Secretaría: Elvira Santos Pena
Tesoureiro: José María Fernández Vázquez

Mesa de Redacción

Pedro Fernández Castelao (dirección)
Marisa Vidal Collazo (secretaría)
Xosé Manuel Caamaño López (redacción)
Manuel García Villaseñín (redacción)
Carne Soto Varela (redacción)

CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Acuña Garrido	Xosé Manuel Pensado Figueiras
Xoán Bernárdez Vilar	Victorino Pérez Prieto
Xaquín Campo Freire	Xesús Portas Ferro
María José Cancelo Baquero	Manuel Regal Ledo
Anxos Canive Brión	Luis Rodríguez Álvarez
Ramón Cao Martínez	Lucía Santiago Díaz
Hermelinda Dapena Tarela	Elvira Santos Pena
José María Fernández Vázquez	María do Carme Solloso Blanco
Antón Gómez González	Modesto Suárez Pérez
Santiago González Avión	Andrés Torres Queiruga
Mariano Guizán Sánchez	Engracia Vidal Estévez
Xosé Antón Miguélez Díaz	Pilar Wirtz Molezún

PREMIOS E MENCIONES

A Revista Encrucillada obtivo o Premio Pedrón de Ouro en 1991
Declarada Asociación de Interese Público o 17/7/2008, co n.º Galicia 7708

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

R/ Ángel Rodríguez González n.º 20
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 813 608
e-mail: encrucillada@encrucillada.gal
Páxina web: www.encrucillada.gal

PREZOS DA SUBSCRIPCIÓN

Prezos da subscripción anual (5 números)

- Ordinaria 25 €
- De apoio a partir de 30 €
- Bonificada 20 €
- Número solto 7 €
- Dixital 15 €

CONTA CORRENTE:

ABANCA. IBAN: ES07 2080 0500 5330 4004 3431

Publicación bimestral



ÍNDICE - SUMARIO

N.º 217

Volume XLIV

marzo-abril 2020

Guieiro

por Pedro Castelao 3

Estudos

A coeducación como resposta na educación afectivo-sexual.

Construíndo un novo modelo de persoa

por Lola Ferreiro Díaz 5

Cara a unha renovada teoloxía da sexualidade. Quince propostas

por Javier de la Torre Díaz 22

A busca do infinito na poesía de Carvalho Calero

por Xesús Portas Ferro 40

Achega

A Promoción da Saúde Afectivo Sexual desde o Centro de

Planificación Familiar Municipal da Coruña

por Chus Díaz Anca 69

Documentos

Revolta de mulleres na Igrexa. Ata que a igualdade sexa costume

por Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria 78

Día da Clase Obreira Galega

por Antón Pérez Vázquez 84

In memóiriam

Juan de Dios Martín Velasco

por Andrés Torres Queiruga 92



Crónica

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 95

Recensións

*Perspectivas del Absoluto. Una aproximación místico-fenomenológica
a las religiones*
por Victorino Pérez Prieto 110

Ricardo Carvalho Calero. O Anxo da Terra
por Miguel A. Mato Fondo 115

Ilustracións

por Soedade Pite 49, 81



O número 217 de *Encrucillada* (marzo-abril de 2020) recibirano os nosos subscritores e subscritoras en papel tan pronto como a crise da Covid-19 nolo permita. Non obstante, queremos por xa, cumprindo os prazos habituais, a disposición de todos os lectores interesados en formato dixital, en aberto e completamente de balde, para paliar co noso pequeno grao de area as consecuencias do illamento provocado por esta pandemia mundial.

Trátase dun número con material heteroxéneo, malia estar todo el artellado ao redor da cuestión da educación da afectividade e a sexualidade. Velaí a súa cerna.

Lola Ferreiro Díaz aborda nun primeiro estudo o tema desde a perspectiva da coeducación. Segundo a autora: «se non é coeducación, non é educación; se non é igualdade de todos os seres humanos, non é democracia; se non hai compromiso con esta causa, non é posible mudar o mundo de base». Porque diso parece que se trata: de mudar a relacións entre homes e mulleres, de xeito que, dende pequenos, eduquemos á seguinte xeración nunha igualdade básica que poña fin á subordinación das mulleres aos homes, así como a todo tipo de maltrato machista. Non é doado combater inercias inconscientes, pero xogámonos o futuro no intento.

Nunha liña similar está a achega de Chus Díaz Anca. Pero agora centrada na educación afectiva e sexual e cun claro interese informativo acerca de iniciativas, cursos e obradoiros.

Javier de la Torre aporta un estudo de reflexión teolóxica desde o punto de vista da teoloxía moral. Ofrece pautas de renovación na comprensión e avaliación da sexualidade en diálogo coa tradición e co maxisterio da Igrexa tendo en conta unha nova aproximación á realidade cambiante e fráxil das relacións humanas. Cómpre unha nova reflexión teolóxica que volva reconciliar a doutrina oficial da Igrexa coa práctica real dos fieis en apertura e discernimento dos verdadeiros desafíos da humanidade neste delicado e íntimo campo.

Na busca dun novo papel das mulleres na Igrexa está o manifesto promovido pola Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria aliñado co Consello de Mulleres Católicas baixo o lema «*Ata que*

a igualdade sexa costume». É evidente que hai que dar pasos nesa dirección. Quedar parados neste punto é ir cara atrás e, desde a teoloxía, equivale a ser xordos a unha clara chamada do Espírito de Deus.

Xesús Portas Ferro celebra o Día das Letras Galegas cun fondo estudo sobre a busca do infinito na poesía de Ricardo Carvalho Calero. Unha gran calidade poética de primeiro nivel, xunto cunha igualmente cimeira reflexión hermenéutica, camiñan xuntas neste fermoso estudo que agradará tanto aos namorados da boa poesía coma aos feridos pola metafísica.

Antón Pérez Vázquez recórdanos a todos os lectores de Encrucillada que o 10 de marzo se conmemora o día da clase obreira galega. É estarrecedor revivir, da súa man, o contexto e os antecedentes duns feitos ocorridos tal día nos que a loita pola dignidade dos traballadores do sector naval da zona de Ferrol foi combatida coa violencia represora dun réxime ditatorial que provocou vítimas mortais.

E falando de vítimas e pasamentos, Andrés Torres Queiruga lembra, coas palabras cordiais e sinceras daqueles que comparten unha similar visión eclesial, a figura de Juan de Dios Martín Velasco, finado, aos oitenta e seis anos, a primeiros do mes de abril.

A sempre interesante rolda de Igrexa de Manolo Regal, así coma algunhas recensións, xunto cos inspiradores debuxos de Soedade Pite completan un número que agardamos vos sirva para pasar mellor este período de confinamento.

Pedro Castelao